

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015</p>
--

Na cidade de Ourense, o catorce de xullo de dous mil quince, ás 12.00 horas, e para cumprir o que dispoñen os artigos 207 da Lei orgánica do réxime electoral xeral e 57 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo convocatoria do Sr. presidente, en funcións, do 9 de xullo de 2015, reúnense no salón de actos do Pazo Provincial os señores deputados e as señoras deputadas electos/as, en virtude das eleccións convocadas polo Real decreto 233/2015, do 30 de marzo (BOE n.º 77 do día 31 de marzo).

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, desenvolveuse a sesión do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo - acta, no seguinte enlace:

<http://videoacta.depourense.es/?pleno=20150714>

Ao inicio da sesión de constitución da Deputación Provincial para o mandato 2015-2019, o secretario xeral dá conta dos acordos de proclamación de electos adoptados polas distintas Xuntas Electorais de Zona, con indicación do nome e apelidos dos deputados electos.

A continuación, dá conta, igualmente, da presentación das preceptivas declaracións de bens e actividades por parte dos deputados electos, e de que igualmente se atopan a disposición dos señores deputados os datos correspondentes ao arqueo realizado polos servizos de Intervención e Tesourería, así como os xustificantes das existencias en metálico e valores propios da Corporación e a documentación correspondente ao inventario de bens.

Seguidamente, o secretario informa de que debe procederse á constitución da Mesa de Idade, integrada polos deputados de maior e menor idade presentes no acto, que resultan ser don José Antonio Feijóo Alonso e dona Montserrat Lama Nóvoa, respectivamente, aos que lles pide que pasen a ocupar a presidencia para a constitución da mesa, que constitúe o primeiro punto da orde do día da sesión.

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE E COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.-

D. José Antonio Feijóo Alonso e dona Montserrat Lama Novoa abandonan os seus escanos e toman posesión dos seus cargos como deputado e deputada mediante prestación de xuramento ou promesa en forma legal, séndolles imposta a medalla conmemorativa.

A continuación, pasan a ocupar os asentos de Presidencia. O secretario pon a disposición dos membros da Mesa as credenciais dos deputados electos.

O presidente da Mesa de Idade declara esta constituída, continuándose co tratamento dos seguintes puntos da orde do día da sesión constitutiva.

2.- TOMA DE POSESIÓN DOS SEÑORES DEPUTADOS E DEPUTADAS.-

O presidente da Mesa anuncia que se vai proceder á toma de posesión do resto de deputados da Corporación, aos que se chamará por orde alfabética, pedíndolle ao Sr. secretario que comece a facer os chamamentos.

O Sr. secretario inicia os chamamentos, prestando xuramento ou promesa en forma legal todos as deputadas e deputados electos, impoñéndoselles a cada deputada e deputado a medalla conmemorativa.

As deputadas e deputados electos e que forman parte da Corporación, son os seguintes, por orde alfabética:

Apelidos	Nome
Álvarez Dobaño	Plácido
Anta Rodríguez	Juan
Baltar Blanco	José Manuel
Bautista Carballo	Miguel
Cerdeira Valiñas	M. ^a Teresa
Cid Álvarez	Miguel Antonio
Doval Soto	Manuel
Feijoo Alonso	José Antonio
Fernández Fernández	Rosendo Luís
Fraga Civeira	Francisco José
Gil Álvarez	Isabel
Gómez García	Vicente
Gómez Pérez	José Ignacio

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015

González Novoa	Adolfo
Lama Fernández	Elvira
Lama Novoa	Montserrat
Montero Fernández	Antonio
Ojea Bouzo	Armando
Pérez Jácome	Gonzalo
Pérez Pérez	Pablo
Pumar Tesouro	Jorge
Rodríguez Rodríguez	Susana
Rodríguez Suárez	Ramiro
Villarino Pardo	Ana María
Vispo Seara	Consuelo

3.- DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

Unha vez concluída a toma de posesión de todos/as os/as deputados/as electos presentes no acto, e concorrendo o quórum esixido na lexislación vixente, o presidente da Mesa declara constituída a Deputación Provincial de Ourense para o mandato 2015 - 2019.

4.- DETERMINACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DO PRESIDENTE.-

O presidente da mesa anuncia que a vixente lexislación de réxime local establece tres sistemas: a votación ordinaria e a nominal, previstas na Lei de bases do réxime local e a votación secreta, prevista no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais para a elección de persoas. A tradición seguida nesta Deputación Provincial é a do emprego da votación secreta para a elección da Presidencia, polo que desde a mesa de idade se propón o emprego da votación secreta como sistema de elección do presidente e, por conseguinte, sométese a votación esta proposta, que resulta aprobada por unanimidade da Corporación.

5.- ELECCIÓN DO PRESIDENTE.-

Unha vez determinado o sistema de votación, procede a formulación de candidaturas á Presidencia. De acordo do artigo 207 da Lei orgánica de réxime electoral xeral, pode ser candidato ou candidata calquera deputado ou deputada provincial. Solicítase que os deputados

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015</p>
--

ou deputadas que desexen formular a súa candidatura llo comuniquen neste momento á mesa, resultando os seguintes candidatos: D. José Manuel Baltar Blanco; D. José Ignacio Gómez Pérez e D. Gonzalo Pérez Jácome.

O presidente da mesa de idade pídelle ao Sr. secretario que lle explique á Corporación o modo no que se vai realizar a votación.

O Sr. secretario explícalles aos señores deputados e señoras deputadas que teñen unha papeleta nos seus escanos para cubrir co nome da persoa que elixan para ocupar a Presidencia e que se depositará nunha urna, para o que volverá chamar aos deputados e deputadas por orde alfabética.

Unha vez concluída a votación procédese ao escrutinio e o resultado é o seguinte:

D. José Manuel Baltar Blanco: 14 votos.

D. José Ignacio Gómez Pérez : 8 votos.

D. Gonzalo Pérez Jácome: 2 votos.

1 voto en branco.

Á vista do resultado, proclámase como presidente electo a don José Manuel Baltar Blanco, ao obter en primeira votación un número de votos favorables equivalentes á maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

6.- TOMA DE POSESIÓN DO PRESIDENTE.-

O presidente da Mesa convida ao presidente electo a tomar posesión do seu cargo.

O novo presidente achégase á mesa para tomar posesión do seu cargo prestando xuramento. **D.^a Montserrat Lama Novoa** imponse a medalla corporativa e **D. José Antonio Feijóo Alonso** fálle entrega do bastón de mando.

Acto seguido, os membros da Mesa de Idade retíranse aos seus escanos. O presidente da Deputación, que acaba de ser elixido, ocupa o seu posto na presidencia, e toma a palabra para pronunciar o seu discurso de investidura, nos seguintes termos:

“Señoras e señores: comezarei este discurso coa mesma frase que pronunciei hai 1253 días neste mesmo salón cando tomei posesión por primeira vez como presidente do goberno provincial.

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015</p>
--

Dixen e digo: Son Ourensán e creo en Ourense. Creo de crer e creo de crear, dous verbos básicos no debuxo da provincia ambiciosa na que vos convido a participar.

Ourensán agradecido. Este ourensán, concelleiro en Esgos, que agradece a presenza de todos vostedes e o voto dos que veñen de confiar en min para estes próximos catro anos de responsabilidade e compromiso renovado con esta provincia.

Agradezo á miña formación política por presentarme diante da pasada convocatoria electoral como candidato coñecido a presidir esta institución cun programa de goberno claramente definido e cun cronograma preciso de implantación.

Agradezo a participación dos ourensáns na pasada xornada electoral e, por suposto, agradezo , neste relevante momento da miña vida, o apoio , o afecto e a comprensión da miña familia, meu pai, miña nai, meu irmán, e especialmente a da miña muller María e ás das miñas fillas Elena, Alejandra e Catalina.

Señoras e señores:

É o momento da POLITICA con maiúsculas. Para seguir exercitando a palabra clave neste momento histórico: A COOPERACIÓN.

Cooperación para a recuperación económica, para o fornecemento social e para a solidez institucional, garante da estabilidade e do progreso.

Eu non entendo a política como unha aventura persoal. Eu creo no “nosoutros”. En “nós”. Sempre en primeira persoa do plural. A política é pensar como mellorar as cousas e melloralas. Pensar e facer o que se pensa.

E facer política en Ourense e para Ourense é un reto que todos, sen excepcións, debemos afrontar xuntos. Unha dinámica obrigada. Un compromiso co noso pobo e coa nosa terra.

Hai ben pouco, menos dun mes, publicaba Alfredo Conde, en La Región, un artigo titulado “Como non vou amar Ourense!” no que dicía que “Ourense segue aí porque alguén o soñou antes ca nós. Ourense está feito da materia dos soños e a min gústame pasear por eles”. Unha auténtica declaración de principios do que vimos en chamar OURENSANÍA, un sentimento integrador que non ten límites porque vai máis aló dos 7.273 quilómetros cadrados do territorio provincial.

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015

A política é SUPERACIÓN. A política é AUTOESIXENCIA. E quero citar unha frase de Carlota Meruéndano Padrón, a ourensá, nacida en 1997, que encabezou este ano a lista de mellores cualificacións de bacharelato e selectividade en Ourense. Declarou: "Intento superarme a mí mesma, nunca a los demás". Esa é a actitude.

A política está en todo pero non todo é política. E a política hai que explorala, é tamén un escenario no que pódese innovar, no que existe o emprendemento, un territorio onde cabe calquera proposta e no que o debate constitúe o mellor e máis san exercicio. Como propoñer eleccións directas ás deputacións provinciais ou cuestións como as que fixen públicas en materia de participación política cando falei de Democracia Substantiva.

A política importa. Así o reflicte o "Informe sobre la Democracia 2015. Reformulando la política", dirixido por Joaquín Estefanía e Belén Barreiro, presentado pola Fundación Alternativas e no que queda claro que a economía non parece ser suficiente para gañar eleccións. O relevante é a política.

E a política non é so a política local. Non somos illas. Formamos parte dun sistema, dun contexto e dun escenario nacional e internacional con múltiples variables e equilibrios que inflúen nas decisións públicas.

A perspectiva –unha cualidade inherente ao ourensán para entender realidades como Galicia, quizais por contar co punto máis alto da comunidade autónoma –Pena Trevinca con 2.127 metros-, a capacidade predictiva, a intuición política, as alianzas e estratexias non son alleas, senón máis ben constitúen parte fundamental, da dirección dos asuntos públicos. Por iso, por exemplo, temos que estar atentos ao Tratado de Libre Comercio entre a UE e USA, o máis ambicioso que se teña asinado nunca, estancado no Parlamento Europeo.

Por iso temos que ser conscientes de que "o futuro é hoxe". Hai so cinco anos non existía ningunha das empresas máis prometedoras do momento. Por iso temos que interiorizar que o futuro inmediato, os vindeiros anos, están vencellados á tecnoloxía 5G, aumentando a velocidade e o número das conexións por internet ata extremos que hoxe sonan a ciencia ficción. Contará cun xigantesco mercado...en 2020 seis mil cincocentos

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015

millóns de persoas usarán móbiles con acceso a internet. Proporcionará unha “súper-conexión”.

Por iso non podemos pensar que a situación Grega, a “grecopolítica” como lle chaman algúns, non interfere no modelo produtivo a medio e longo prazo ou nas posibilidades financeiras ou mesmo nos fondos comunitarios do escenario 15-20.

Nun tempo no que os países mesmo cambian os seus modelos produtivos como fixo Israel no seu momento na aposta polo talento e o emprendemento ou como está a facer neste intre Corea do Sur no ámbito tecnolóxico ou o seguinte paso do modelo de crecemento de Perú que non é outro que a industrialización.

Por iso actúamos e actuaremos coñecendo claves e tendencias. Sabendo que a banca abriu a billa da financiación, tendo claro que os gobernos teñen que asumir o seu papel na educación financeira. Contemplan este ano 15 como decisivo para o regreso da actividade, vistos os datos de exportacións e de reactivación do crédito. As pemes, as máis castigadas pola crise, apuntan á recuperación. O Mercado Alternativo Bursátil, creado para facilitar a financiación ás empresas de menor tamaño, busca rexurdir.

Cuestións macroeconómicas e micro económicas que temos que ter en conta ao decidir publicamente. Contando con ferramentas clave como veñen sendo, a nivel provincial-comarcal e local de cada un dos 92 concellos da provincia, os informes do Observatorio Económico Ourensán, unha ferramenta ao servizo da provincia que nos axuda a adoptar as mellores decisións públicas posibles. E que aborda xa un amplo estudo da problemática demográfica, sen dúbida a nosa maior preocupación xunto coa de xeración de emprego.

Unha política que tamén debe estar atenta aos debates doutriniais de carácter económico en cuestións como a desigualdade. E mirar con interese e nunca con desprezo propostas como as que nos fai chegar Anthony Atkinson en “Inequality”.

Propostas no ámbito da “pre-distribución”, máis aló da tarefa redistribuidora do estado de benestar, pois non se formulan en termos de transferencias e impostos senón que teñen que ver con outro tipo de políticas, referidas á de loita contra os monopolios ou a tecnoloxía. E agora case todo o mundo admite que a desigualdade frea o crecemento.

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015</p>
--

O pensamento, o estudio, a importancia da universidade, esa importante institución que seguirá sendo un aliado estratéxico desta Deputación nos próximos catro anos. Moitas grazas, reitor, pola túa presenza.

Practicamos e defendemos un discurso do territorio, do equilibrio territorial. Pero sen esquecer que o eixo de toda a nosa acción é o cidadán, as persoas, as veciñas e veciños da provincia que teñen dereito a servizos públicos de calidade alí onde residan. As persoas sempre.

Pensamos en clave global pero actuamos en clave de Ourense. Para min a única posible. E falar de Ourense é falar de futuro. Das inmensas posibilidades dun territorio que ten demostrado capacidade para situarse con fortaleza no ámbito empresarial, económico, social, cultural, turístico...

O Ourense da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial. O Ourense de empresarios que fan o AVE a Á Meca, os que fabrican autobuses que circulan por Regent Street ou dos que fan gala do cooperativismo agroalimentario máis potente a nivel nacional.

A “Marca Ourense”. Do Ourense da sempre inspiradora e providencial Xeración Nós. A “Marca Ourense” das denominacións de orixe, da lousa, do noso patrimonio artístico, de creación singulares como o barallete ou o pirandárgallo.

O Ourense da cultura e do pensamento político.

O Ourense de Manzaneda, a Estación de Montaña de Galicia.

O Ourense do Parque Náutico de Galicia en Castrelo de Miño.

O Ourense do Parque Tecnolóxico de Galicia, da Tecnópole, en San Cibrao das Viñas.

O Ourense da Estación de viticultura e enoloxía de Galicia en Leiro.

O Ourense da entrada da alta velocidade en Galicia, o Ourense capital da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Por iso, por Ourense, temos unha folla de ruta: O Plan 15-19. Con 77 medidas que serán realidade moito antes das vindeiras eleccións locais que terán lugar o domingo 26 de maio de 2019. 77 e máis. Máis realidades pioneiras como o Clúster do Viño de Ourense ou con servizos cidadáns como o pagamento de tributos a través do teléfono, cuestión que será unha realidade en días.

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015

E coa colaboración público-privada como bandeira. Así tiveron a oportunidade de explicitalo hai cinco días, o pasado xoves, cando me convidaron a clausurar a Asemblea Xeral da Confederación de Empresarios de Ourense, “... porque non chega antes quen vai máis rápido senón quen sabe adonde vai”. E de novo atopamos conceptos clave como planificación e previsibilidade, que redundan non so en seguridade xurídica senón en comportamentos e escenarios que me atrevo a denominar de SEGURIDADE INSTITUCIONAL ou, mellor dito, de SEGURIDADE DEMOCRÁTICA.

E nesta institución, na Deputación, asumimos como propia a defensa dos intereses de Ourense por riba de calquera outros. E seguiremos reivindicando ante os outros gobernos o que en xustiza lle corresponde á nos aterra. Con total lealdade mais tamén con absoluta contundencia.

E no modelo estatal de administracións territoriais figuran como grandes aliados das deputacións os concellos. Sen dúbida somos a administración provincial a máis achegada aos concellos. E os concellos a máis achegada aos cidadáns. Afondemos nesa proximidade con eficiencia, determinación e resolución.

Porque os concellos garanten máis que nunca a estabilidade de España e son motores da súa cohesión. E é que os resultados do conxunto da administración local sitúana como o alumno avantaxado dos entes territoriais. Trátase dunha evidencia: o esforzo local serviu para melloralos resultados finais do conxunto das administracións e axustalos aos obxectivos fixados pola Unión Europea.

E o pasado 24 de maio os cidadáns en España elixiron a 67.640 concelleiros e 8.122 alcaldes, abrindo unha etapa decisiva no municipalismo español que vai ver como no XI Pleno da FEMP dos días 18 e 19 de setembro elixíranse a Xunta de Goberno e o Consello Territorial.

Un municipalismo no que a Deputación de Ourense xa xoga un importante papel coa súa presenza actual no núcleo duro de organizacións como a Fundación Democracia e Goberno Local e a Asociación de concellos con centrais hidroeléctricas ou a futura participación en Partenalía, a Asociación Europea de Gobernos Locais Intermedios.

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015</p>
--

Un municipalismo que evoluciona non so en España senón en Europa e temos, dende Ourense, que estar atentos a esas novas experiencias.

*Como, por exemplo, modelos de éxito como o **MODELO TILBURG DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL** (165.000 HABITANTES, PAISES BAIXOS), método de traballo similar ao das empresas constituídas por unha sociedade principal e departamentos e no que os departamentos funcionan como empresas públicas que venden produtos claramente definidos.*

Señoras e señores: somos a Deputación, a corporación e o goberno provincial. E temos amosado capacidade de transformación para contribuír á transformación da provincia. Un goberno rigoroso, medioambiental, cooperador e transparente. E non o dicimos nós. O din os datos. Como o do incremento dos orzamentos todos estes anos no contexto de crise económica máis acusada dos case corenta anos de democracia.

Como o da redución espectacular do endebedamento, pasando do 116 % ao 34 % na actualidade, rexistrando en 2014 o remanente de tesourería máis alto da historia da institución e que superou os 25 millóns de euros. Como o papel que desempeñamos en materia medioambiental en cuestións como a Rede de concellos pola sostibilidade ou servizos como o de recollida de lixo en máis da metade dos da provincia, sen dúbida un referente nacional de xestión.

O terceiro dos 45 gobernos provinciais máis transparente de España segundo Transparencia Internacional. O primeiro en contar cun código ético, o primeiro en aprobar unha ordenanza de transparencia, o primeiro en retransmitir os plenos, as aperturas de plicas nas mesas de contratación, os sorteos dos membros dos tribunais nas probas de acceso ao emprego público, e o primeiro en utilizar ferramentas de xestión pública tan innovadoras como a vídeo-acta.

Contamos coa carta de servizos máis completa do Estado a nivel provincial, as ordenanzas de subvencións e contratación máis vangardistas, o consello de publicacións..., quizais por todo elo tamén promovemos e organizamos a primeira Conferencia nacional de Presidentes de gobernos provinciais de España.

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015

Nun tempo no que tamén celebramos o primeiro debate sobre o estado da provincia, un Ourense que conta xa tamén cun himno propio da man da obra de Manuel De Dios, medalla de Ouro da provincia, “Ourense no solpor”.

Un tempo no que os servizos públicos da Deputación son máis coñecidos e mellor valorados. Onde nos ocupamos de cuestións tan importantes como os servizos sociais municipais, co Plan BenOurense, que proba que somos, das de Galicia, a Deputación que máis inviste porcentualmente nos seus orzamentos en cuestións sociais.

Unha traxectoria que fala moito e ben dos profesionais desta administración que souberon interpretar perfectamente as directrices políticas establecidas. A maior profesionalización do persoal desta Deputación, así como unha profunda revisión da relación de postos de traballo fará que o labor desta institución mellore en eficacia, en eficiencia e en calidade.

Neste tempo o papel das deputacións fortaleceuse como elemento imprescindible na xestión e coordinación dos servizos a implementar nas provincias. As deputacións son e serán sinónimo de vertebración e cohesión territorial. Así se puxo de manifesto nas xornadas anuais que vimos organizando sobre o funcionamento e posibilidades das administracións provinciais que empezamos chamando “O futuro das deputacións” e que xa anuncio na edición de 2016 falaremos “das deputacións do futuro”.

Unha Deputación que elabora a súa propia estratexia de desenvolvemento urbano sostible na que incluimos ao concello da capital para conseguir da Unión Europea a materialización dos catro grandes proxectos que tiveron a oportunidade de expoñer en Bruxelas o pasado decembro: O Plan Termal, a Axencia Provincial da Enerxía e do Medio Ambiente, o Plan de Competitividade Empresarial e o Plan de Administración Electrónica ou Provincia Intelixente.

Señoras e señores. O futuro está sendo. Estamos nese futuro. Nese Plan 15-19 que contempla a primeira plataforma provincial de participación cidadán. Nese Plan 15-19 que verá realizados plans de emprego e de apoio á natalidade. Plans para os que contarei coas aportacións que se fagan chegar dende tódolos grupos políticos dende xa.

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015</p>
--

Tamén para os orzamentos de 2016 que aprobaremos nesta sala o vindeiro 25 de setembro, dentro de 73 días.

Antes, o cinco de setembro, celebrarase o primeiro cumio de alcaldes e alcaldesas da provincia, que terei a oportunidade de convocar en breve.

Para todo elo estou seguro de contar co apoio do grupo de goberno. Pero tamén pido do resto dos grupos todas as aportacións posibles que melloren a nosa visión co compromiso de estudialas con todo o interese porque poden contribuír a enriquecer todas as propostas. Eu non vexo ao resto dos grupos como grupos da oposición. Os contemplo como grupos da alternativa de goberno. E para seren alternativa teñen que ter capacidade propositiva dabondo. Por iso creo na política e esta lexislatura debe estar marcada por esa aposta pola política. Máis política para facer máis Ourense.

Quero que sexa unha etapa de goberno de máxima colaboración e participación, que exista a crítica que nos sirva a todos para construír. Unha nova etapa na que dou a benvida aos 17 novas deputadas e novos deputados que chegan a esta cámara de representación política, sen dúbida a renovación máis grande da Historia desta corporación, un 68 %.

Unha nova etapa con nova organización, novo goberno, máis redárquica, novo funcionamento, nova denominación das comisións informativas e na que non terei inconveniente en delegar a presidencia na correspondente á de economía e facenda a un representante dos grupos da alternativa ao goberno.

Ese é o meu compromiso: transparencia, colaboración e máxima participación. Mans abertas para xuntalas fortemente entre todos e defender contundentemente unha visión integral da provincia de Ourense e dos seus intereses.

Un Ourense que forma parte dunha Galicia que será máis forte canto máis fortes sexamos nós.

Un Ourense creativo que conxugue o respecto ás nosas tradicións e ao noso patrimonio material e inmaterial coa puxanza das vangardas como fixemos nesa Ourense ICC Week que converteu a esta provincia en capital nacional da creatividade e últimas tendencias nas máis diversas disciplinas artísticas.

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015</p>
--

Un Ourense traballador que sexa capaz de xerar postos de traballo pero tamén de ser referente no ámbito do emprendemento como se puxo de releve na recente xornada que esta Deputación co-organizou con Start Up Spain.

Un Ourense emigrante que sempre pensará cada cuestión que faga sen esquecer aos que marcharon desta terra e crearon riqueza noutras latitudes sen deixar nunca de ser os mellores embaixadores da nosa provincia. Velaí a razón do futuro Museo Galego da Emigración. Un Ourense identitario, con forza de seu, coa Ourensanía por bandeira, que homenaxeará ao seu gran símbolo que non é outro que a Roda de Afiar co Museo que poremos en marcha en colaboración con Florencio de Arboiro. Esa roda dos afiadores que representaban á perfección esas tres características deste noso gran pobo: traballador, creativo e emigrante.

Señoras e señores: hoxe é 14 de xullo, día da Festa Nacional en Francia. Aniversario da Toma de la Bastilla, acontecemento considerado o punto de inicio da Revolución Francesa (1789). Un momento histórico no que xurdiu a Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán que serve de base a tódalas posteriores dos séculos XIX e XX. Na que se inspira a Constitución Española de 1978 que outorga ás Deputacións o importante papel que desenvolven e que temos que protagonizar os 25 deputados e deputadas que hoxe tomamos aquí posesión para traballar por Ourense nos vindeiros 48 meses.

Neste ano 2015, no que Ramón Piñeiro cumpriría 100 anos. Ese Ramón Piñeiro que dicía: “Somos galegos por Nación, españois por historia e europeos por cultura”.

Permítanme, para finalizar, que lembre hoxe aquí as verbas, perfectamente pronunciáveis hoxe, incrivelmente actuais, publicadas por Antón Losada Diéguez, o xenio de Moldes (Boborás), no seu artigo “Conversa” do número de A Nosa Terra do Día de Galicia de 1926 (cumpríranse, dentro de once días, 89 anos):

“Cómpre decatarse fondamente de que rematou unha época, e estamos vivindo outra ben diferente. Non se pode esperar unha volta ao que foi, porque non pode vir endexamais un tempo igual a outro tempo. Camiñar coa Historia é camiñar coa vida, e a fecundidade da Tradición, e o espírito da Patria está nese avanzar de cada día e de cada hora.

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 14 de xullo de 2015</p>
--

Non preguntedes a cada un polo seu camiño, falade con el, aledádevos con el, mais non lle preguntedes ¿que fas? Si ides cara a mesma ermida, xunto ao altar vos atoparedes”.

Moitas grazas. Son ourensán e creo en Ourense. Creamos e creemos todos en Ourense.

Dixen.

Comeza o novo cuadrenio político da décima lexislatura democrática da corporación provincial de Ourense.

Levántase a sesión”.

Unha vez concluído o seu discurso, e ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. presidente dá por rematada a sesión constitutiva da Deputación, ás 13.05 horas do día catorce de xullo de dous mil quince. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,